

# *As respostas están na ciencia*

## Manifesto

As academias e os colexios profesionais sanitarios de Galicia, xunto aos decanos e directores das facultades de ciencias sanitarias, quixemos unirnos a través do acto *As respostas están na ciencia*. Facémolo na Universidade de Santiago de Compostela, a nosa casa común, para renovar publicamente o noso compromiso coa cidadanía galega na procura da calidade, a equidade e a excelencia nos servizos relacionados coa saúde.

Preocúpanos que, nos últimos anos, non parasen de xurdir mensaxes e receitas que se ofrecen aos medios de comunicación como solucións fáciles e máxicas a problemas complexos de saúde. Desgraciadamente, estas ideas calan —aínda que só sexa de forma minoritaria— nalgúns segmentos de poboación. Trala chegada da pandemia por covid-19, esta tendencia gañou aínda máis forza, con teorías, discursos e propostas negacionistas que non teñen ningunha base racional nin científica.

Tememos, e queremos evitar, que a proliferación deste tipo de mensaxes sexan unha fonte de desinformación, desorientación e expectativas erróneas para os pacientes.

Para evitalo, as academias, os colexios profesionais sanitarios e a universidade ofrecémonos, en Galicia, como fonte de información e formación activa, fiable, sempre dispoñible para a sociedade e baseada na maior evidencia científica e o coñecemento máis consolidado posible.

Así o fixemos e estámolo a facer durante a pandemia por covid-19. Cremos que en España e en Galicia a maior parte da cidadanía e os responsables públicos responderon de forma adecuada á crise sanitaria. Vímolos na alta porcentaxe de vacinación que conseguimos, e tamén no razoable nivel de seguimento das medidas de protección individual e social. Para alcanzar estes logros foi fundamental o traballo diario e o extenuante esforzo que realizaron os profesionais sanitarios, que tiveron que facer fronte, en certos momentos, a un gran risco persoal.

Queremos salientar tamén o importante esforzo da investigación de tódalas ramas da ciencia, tanto en Galicia como a nivel español e internacional, que nun labor titánico está a conseguir resultados fundamentais para o control da pandemia. A colaboración internacional, sen precedentes históricos, e o entusiasmo das investigadoras e investigadores está a facelo posible.

Neste éxito colectivo, resultaron moi relevantes e influentes as respostas sólidas e baseadas no coñecemento científico que ofreceron os profesionais sanitarios a través da comunicación pública cada vez que se lles solicitou a súa participación.

A pandemia por covid-19 e a necesidade de tomar decisións rápidas ante un virus descoñecido conlevaron un reto difícil para a comunidade científica internacional. E a resposta foi, en termos xerais, excelente.

O método científico é o que dá validez ao noso coñecemento. Os bulos sanitarios e as falsas solucións terannos sempre enfronte. Os profesionais sanitarios e a universidade responderemos sempre coa nosa opinión e información honesta, tranquila e sólida, baseada no rigor científico e o maior e mellor coñecemento dispoñible.

Este acto é tamén un recoñecemento e unha homenaxe a todos os compañeiros sanitarios e cidadáns que sufriron as consecuencias desta terrible pandemia. No seu nome e no seu recordo seguiremos traballando, desde a ciencia, ao servizo da cidadanía.

## Institucións adheridas:

- Real Academia Galega de Ciencias
- Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia
- Academia de Enfermería de Galicia
- Real Academia de Farmacia de Galicia
- Real Academia de Medicina de Galicia
- Academia Médico-Cirúrxica de Santiago
- Academia Médico-Cirúrxica de Ourense
- Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
- Colexio Oficial de Dentistas de Pontevedra e Ourense
- Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia
- Colexio Oficial de Enfermería da Coruña
- Colexio Oficial de Enfermería de Lugo
- Colexio Oficial de Enfermería de Ourense
- Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra
- Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia da Coruña
- Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Lugo
- Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Ourense
- Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Pontevedra
- Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia
- Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia
- Colexio Profesional de Logopedas de Galicia
- Colexio Oficial de Médicos da Provincia da Coruña
- Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Lugo
- Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Ourense
- Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Pontevedra
- Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña
- Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo
- Colexio de Ópticos-Optometristas de Galicia
- Colexio Oficial de Podólogos de Galicia
- Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia
- Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- Colexio Oficial de Químicos de Galicia
- Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
- Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña
- Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo
- Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense
- Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra
- Organización Médica Colexial de España
- Facultade de Bioloxía da USC
- Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo
- Facultade de Ciencias da UDC
- Facultade de Ciencias da USC
- Facultade de Ciencias da Saúde da UDC
- Facultade de Enfermería e Podoloxía da UDC
- Facultade de Enfermería da USC
- Facultade de Farmacia da USC
- Facultade de Fisioterapia da UDC
- Facultade de Fisioterapia da Universidade de Vigo
- Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC
- Facultade de Óptica e Optometría da USC
- Facultade de Psicoloxía da USC
- Facultade de Veterinaria da USC
- Facultade de Química da USC
- Facultade de Química da Universidade de Vigo
- Escola Universitaria de Enfermería da Coruña (UDC)
- Escola Universitaria de Enfermería de Lugo (USC)
- Escola Universitaria de Enfermería da Deputación Provincial de Pontevedra (Universidade de Vigo)
- Escola Universitaria de Enfermería de Meixoeiro (Universidade de Vigo)
- Escola Universitaria de Enfermería de Ourense (Universidade de Vigo)
- Escola Universitaria de Enfermería de Povisa (Universidade de Vigo)

